

Acordo da Mesa do Parlamento, do 15 de novembro de 2016, polo que se resolve o procedemento de provisión do posto de traballo de xefe do parque móbil da Administración do Parlamento de Galicia (AP93 da RPT)

Por acordo da Mesa da Cámara do 5 de xullo de 2016 iniciouse o procedemento de provisión por concurso do posto de xefe do parque móbil, AP93 da relación de postos de traballo da Administración do Parlamento de Galicia, e aprobáronse as bases reguladoras do concurso, que foron publicadas no BOPG núm. 674, do 11 de xullo de 2016.

A comisión de valoración do concurso, logo de transcorrido o prazo para presentar reclamacións sen que se presentase ningunha, acorda propoñerlle á Mesa do Parlamento de Galicia a resolución do concurso a favor de José Antonio Conde Marra (BOPG núm. 13, do 14 de novembro de 2016).

A Mesa, ao abeiro do disposto no artigo 28 do Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia, adopta o seguinte ACORDO:

1º. Resolver o procedemento de provisión do posto de traballo de xefe do parque móbil da Administración do Parlamento de Galicia (posto AP93 da relación de postos de traballo da Administración do Parlamento de Galicia) coa designación para o seu desempeño do funcionario de carreira da Administración do Parlamento de Galicia José Antonio Conde Marra.

2594

2º. Comunicarlle este acordo ao Servizo de Persoal e Réxime Interior para que proceda a realizar os trámites precisos para a súa execución.

3º. Publicar este acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2016
Diego Calvo Pouso
Vicepresidente 1º